

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre

1. Antecedentes

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

De acordo cos apartados b) e d) do artigo 3.3. da citada Lei 9/2010, constitúen obxectivos medioambientais da entidade pública: previr o deterioro do estado de todas as masas de auga, superficiais, subterráneas e das zonas protexidas e, no seu caso, restauralas co obxecto de conseguir o seu bo estado ecolóxico e compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.

O Concello de Cambre exerce, entre outras, competencias de medio ambiente, reguladas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

O 27.11.2002 a Consellería de Medio Ambiente, o Organismo Autónomo Augas de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente subscribiron un convenio de colaboración para a execución do “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)”.

A cláusula oitava deste convenio establece que “unha vez terminada a obra e recibida definitivamente, será entregada para o seu uso público á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia que, a partir desde intre, farase cargo, a todos os efectos, da mesma”.

O 05.07.2007 a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente comunicou á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia que o 07.06.2007 se realizou a recepción das obras obxecto do convenio de referencia, manifestando na dita comunicación que a partir da data da recepción resulta de aplicación a cláusula oitava do convenio

O 19.05.2020 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a entidade pública empresarial Augas de Galicia formalizaron o convenio de colaboración para o exercicio das competencias de acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero, cuxo obxecto é que Augas de Galicia asuma as obrigas que, trala recepción das obras, lle corresponden á Consellería de Medio Ambiente segundo a cláusula oitava do Convenio para a execución do “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)”, asinado o 27 de novembro de 2002.

2. Obxectivos que se pretenden

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións que rexerán a colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Cambre, respecto aos traballos de acondicionamento, mantemento e conservación no entorno do río Mero ao seu paso polo concello de Cambre.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrência

O artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia establece un principio de colaboración leal entre a Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais, podendo celebrarse os convenios que sexan precisos.



O artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, prevé a formalización das relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais e a Administración autonómica, tanto en asuntos locais como en asuntos de interese común.

A obra do “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)”, está parcialmente situada no Concello de Cambre, polo que tendo en conta as competencias do Concello, Augas de Galicia quere colaborar co Concello de Cambre no mantemento e conservación da parte das referidas instalacións situadas no seu termo municipal, das que se fixo cargo para o seu uso público o 19.05.2020, por razóns de eficacia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

Ademais Augas de Galicia para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade polo Concello de Cambre, contribuirá cunha achega máxima ao Concello de cento sesenta mil euros (160.000,00 €) que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6220 “Reparación e conservación. Terreos e bens naturais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2020: 40.000,00 €

2021: 40.000,00 €

2022: 40.000,00 €

2023: 40.000,00 €

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(*asinado dixitalmente*)

